

A seguir, un extracto da entrevista con Manuel María publicada na contraportada de **El Progreso** en febreiro de 1997. O seu autor, Álvaro Sal, califica na entradaña ó poeta chairego como “o auriga das letras lucenses”.

“Cando non atopo con quen falar escribo versos”

ÁLVARO SAL

—Alberti era un mariñeiro en terra.
¿Vostede é un chairego no val?

—Coido que son un galego normal e normalizado —nun país onde a domesticación é case perfecta— e, cando non atopo a ninguén con quen falar, escribo versos.

—¿Por que hai tanto escritor por metro cadrado en Lugo?

—Os meus cativos coñecementos non chegan a tanto: non o sei. Antonio Machado dixo que cómpre distinguir as voces dos ecos. Non hai tantos escritores en Lugo. Cantos máis haxa, mellor: así temos máis onde elixir.

—E se hai tanta inflación de autores, ¿por que poucos teñen soa alén de Pedrafita?

—O escribir —como todo na vida— é un problema de calidade. Só podo falar por min. Eu escribo para a miña xente e o meu país e por iso o fago en galego. De Pedrafita para aló, dende vello, non len ós escritores galegos, nin ós cataláns ou ós vascos. Nin sequera traducidos. Iso é conta deles.

—Internet, televisión por cable... ¿que lle parece que sexamos cosmopolitas sen saír da casa?

—Estou por todos os adiantos técnicos en canto poidan ser útiles ós seres humanos. O cosmopolitismo asústame en canto que é un híbrido. Os híbridos son sempre estériles. Estou polo universalismo: hai quen o trabuca co cosmopolitismo.

—¿O Miño que precisa antes: un plan de saneamento ou unha oda?

—As dúas cousas, sempre que o plan sexa axeitado e a oda, boa. Se non o son, nin plan nin oda.

—¿Saleta é a súa musa ou a súa secretaria?

—Saleta é o mellor agasallo que me fixo a vida.

—¿Cando vai sacar o carné de conducir?

—Nunca. Prefiro que me accidenten outros.

—¿A que autor envexa no máis profundo do corazón?



—A ninguén. Coido que cumpro o dito clásico: “Ni envidioso ni envidiado”. Para min escribir nunca foi, nin é, unha competición.

—¿Queimar un libro pode chegar a ser un acto de hixiene cultural?

—É sempre un acto aberrante e monstruoso. Iso da cultura é moi complexo. Prefiro falar de culturas.

—¿Como se explica que vostede sexa anticlerical cando se criou nunha san-cristía?

—Nunca fun anticlerical nin o son.

—¿Hai algo menos lírico ca un procurador de tribunais?

—É unha das profesións que pon ó que a exerce máis en contacto coa vida e as súas miserias. E a poesía, se non é vida, non é nada. Grandes poetas foron ou son procuradores dos tribunais: Celso Emilio, Novoneyra, Salvador García Bodaño...